



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

Asunto: Nomeamento de 5 peóns pertencentes á Bolsa de emprego para a contratación de persoal laboral temporal para a Campaña de limpeza de praias 2024, que se financia co programa de Limpeza de praias marítimas da Deputación Provincial da Coruña, convocatoria MA100/2024

Núm. Admvo. Expte.: 2024/E001/000006

Expte. Decreto Núm.: 2024/G003/000503

Vista a resolución publicada no Boletín Oficial da Provincia núm. 39, do 23/02/2024 pola que se aproba a concesión definitiva de subvencións correspondentes ao programa MA:100 subvencións a concellos da provincia para a limpeza de praias marítimas no 2024, polo que se concede a este concello unha subvención para a Campaña de limpeza de praias 2024.

Visto o expediente que se tramitou para a elaboración dunha bolsa de emprego para a contratación de persoal laboral temporal para a campaña de limpeza de praias, que se financia co programa de Limpeza de praias marítimas da Deputación Provincial da Coruña, convocatoria MA100, aprobándose as bases a a convocatoria por Resolución de Alcaldía núm. 409/2024, de data 13/06/2024.

Visto que por Resolución de Alcaldía núm. 477/2024, de data 01/07/2024 se aprobou a constitución da bolsa de emprego para a contratación deste persoal laboral temporal, de acordo co disposto nas bases de selección.

Vista a providencia de Alcaldía de data 02/07/2024 pola que se acorda proceder á contratación de 5 persoas durante 2,5 meses con cargo ao programa de limpeza de praias marítimas para o ano 2024, convocatoria MA/100 subvencionada pola Deputación Provincial da Coruña; e atendendo ao disposto na base 10.3 das bases de selección, procedeuse a contactar telefónicamente coas cinco primeiras persoas integrantes da bolsa de emprego, que son M^a Mercedes Blanco Martínez, Elvira Alborés Pose, M^a Mercedes Valiña Rodríguez, Ian Ronald Stephen e Alejandro Francisco Vidal Bouzas.

Con datas do 2 e 3 de xullo de 2024, as persoas candidatas propostas presentan a documentación establecida na base duodécima das bases de selección.

Atendendo a que estamos en plena época estival, a comezos do mes de xullo, faise necesario dispoñer deste persoal canto antes para ter os areias en perfectas condicións, polo que cómpre proceder a súa contratación canto antes.

Esta Alcaldía, en virtude do disposto no art. 21.1 h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora da Lei de Bases de Réxime Local, esta alcaldía

RESOLVO:

Primeiro. Nomear como peóns, persoal laboral temporal, no programa de Limpeza de praias marítimas deste concello, subvencionado pola Deputación Provincial da Coruña ao abeiro da convocatoria MA100 subvencións a concellos da provincia para a limpeza de praias marítimas no 2024, a:

| Apelidos e nome | DNI |
|---|-----------|
| Blanco Martínez, M ^a Mercedes | ***9104** |
| Alborés Pose, Elvira | ***1406** |
| Valiña Rodríguez, M ^a Mercedes | ***3436** |
| Stephen, Ian Ronald | ***0407** |

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica do Concello de Laxe co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

| |
|-----------------------------------|
| Vidal Bouzas, Alejandro Francisco |
|-----------------------------------|

| |
|-----------|
| ***6210** |
|-----------|

A duración do contrato será de dous meses e medio dende o 04/07/2024 e ata o 18/09/2024, ámbolos dous incluídos, a xornada completa e baixo a modalidade de contrato laboral temporal por circunstancias da produción, segundo o disposto no artigo 15.2 do Real Decreto Legislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores.

Segundo. De acordo coa base 10.4 das bases de selección esta resolución publicarase mediante anuncio inserido no Taboleiro de anuncios da Casa do Concello e na sede electrónica municipal e substituirá ás notificacións individuais aos/as interesados/as, conforme ao disposto no art. 45 da Lei 39/2015.

Terceiro. Dar conta ao Pleno municipal na vindeira sesión ordinaria que se celebre.

Mándoo e asínoo, en Laxe, na data da sinatura á marxe, o Alcalde D. Francisco Charlín Oróns, do que eu como secretaria-interventora dou fe.

O alcalde
Asdo. Francisco Charlín Oróns

A secretaria-interventora
Asdo. Begoña Carrasco García